



1 Completa o cadro cos datos dos reinos segundo corresponda.

	Reino da esquerda	Reino da dereita
Os nomes dos reis		
Os nomes dos fillos		
Os nomes dos ministros		
Os nomes dos ladróns		
A que xogan os reis		
A composición dos exércitos		
O agasallo que reciben		

2 Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas .

O conflito xorde cando nacen o príncipe e a princesa e nos dous reinos esquecen invitar a fada.

A primeira decisión de Filiberto e Fidelina é facer unha sopa.

A primeira decisión de Ruperto e Rufina é romper a súa sopeira.

Filiberto e Fidelina regálanlle a sopeira ao outro reino.

Ruperto e Rufina queren cambiar a sopeira polo cazo.

As dúas parellas reais envían ladróns ao outro reino para roubar o cazo e a sopeira.

A guerra consegue solucionar o problema entre os dous reinos.

Nos dous reinos acordan enviar mensaxeiros a todos os países do mundo para preguntar polo obxecto que lles falta.

O problema arránxano Berenguer e Comba.

3 Sinala tres adxectivos que se lle poidan aplicar á fada Petronila Perrenchuda tendo en conta o seu comportamento nesta historia. Explica por que.

- É porque
- É porque
- É porque